

VIEIROS

Edición xeral

CIG-ENSINO E AS-PG ORGANIZAN O CURSO, ENTRE O 6 E O 17 DE FEBREIRO

A historia contemporánea de Galiza, en Sargadelos

CIG-Ensino, a Asociación Galega de Historiadores e a AS-PG presentaron hoxe o curso *Historia contemporánea de Galiza*, que terá lugar en Santiago, na Galería Sargadelos, durante o mes de febreiro. Ramón Villares, Xusto Beramendi, Xoán Carmona, Pilar García Negro ou Lourenzo Fernández Prieto, entre os convidados.

- 18:15 31/01/2006

Os cursos terán lugar entre o 6 e o 17 de febreiro, entre as 18 e as 21 horas. Os interesados poderán apuntarse nos locais da CIG-Ensino ou da AS-PG.

O 6 de febreiro terá lugar a primeira exposición de *Galicia, unha entidade con personalidade de seu*. Prudencio Viveiro encárgase do primeiro percorrido, entre 1808 e 1936. *O nacionalismo: do provincialismo até o Partido Galeguista* será cousa de Xusto Beramendi, catedrático de Historia Contemporánea na USC.

O 7 de febreiro, a segunda parte: Lourenzo Fernández Prieto, catedrático de Historia Contemporánea na USC, tentará abranguer o percorrido de Galiza entre o alzamento militar e a transición; Uxío-Breogán Diéguez, especializado na historia do nacionalismo galego, falará do exilio e a reorganización.

O 9 de febreiro, a primeira parte d' *A sociedade galega contemporánea*, con Dionisio Pereira, autor d' *A CNT na Galiza*, que falará de poboación e clases sociais. Despois, Pilar Cagiao, profesora titular de Historia de América, exporá a súa visión da emigración.

O día 13 proxectarase *Ferreiros dun mundo mellor*, e Carlos Velasco Souto, profesor de Contemporánea, falará de "movementos e conflictividade social". O 14, a conferencia de Ramón Villares, *A propiedade da terra*, e a proxección de *O monte é noso*, de Llorenç Ferrer.

Xoán Carmona, catedrático de Historia e Institucións Económicas na USC, falará o 16 da economía na Galiza contemporánea.

O 17, para rematar, Pilar García Negro será a encargada de sintetizar a súa visión global encol do movemento cultural en Galiza ao longo da idade contemporánea.

